

CONVENIOS ASINADOS 2015 (ou anteriores)

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ ROJA CEDEIRA

PARTES FIRMANTES

Concello de Cedeira e Asamblea local de Cruz Roja Cedeira

OBXECTO

O financiamento por parte do Concello de Cedeira para os gastos de funcionamento da Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira.

VIXENCIA DO CONVENIO

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización ata o final do ano.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Obrigas do beneficiario (Asamblea Local de Cruz Roja Cedeira): A entidade virá obrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio; a comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada; a acreditar que se acha o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello e fronte á Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha aportación de 3.000,00 €

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E A ENTIDADE LOCAL DE CEDEIRA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE MEDIOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2007-2013

PARTES FIRMANTES

Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia e o Concello de Cedeira

OBXECTO

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería d Medio Rural e do Mar e a entidade local de Cedeira no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de tódolos recursos que se inclúen neste convenio.

VIXENCIA DO CONVENIO

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización ata o 31 de decembro de 2015.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A entidade local comprométese ao desenvolvemento das seguintes accións:

1. Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de O vehículo/s motobomba/s durante O meses.
2. A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en 70,00 hectáreas.
3. A contratación de 1 brigadas, de 5 operarios cada unha, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.

A entidade local, en calquera das accións propostas no convenio, comprométese a:

- Colaborar no financiamento do convenio nos termos que establece a cláusula seguinte
- Someterse ás actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural e do Mar, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Cantas e o Consello de Cantas no exercicio das súas funcións de

fiscalización e control do destino das axudas, así como ós controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.

- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación.

OBRIGAS ECONÓMICAS

O convenio financiarase pola Consellería do Medio Rural e do Mar cunha contía de 36.291,62 €, con cargo á aplicación orzamentaria 12.20.551-B. 760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

A parte correspondente á entidade local será efectuada directamente pola entidade local, con cargo aos seus orzamentos.

NOME DO CONVENIO

ACORDO DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

PARTES FIRMANTES

Concello de Cariño, Concello de Cedeira, Concello de Cerdido, Concello de Mañón e Concello de Ortigueira

OBXECTO

Os concellos de Cariño ,Cedeira , Cerdido, Mañón e Ortigueira agrúpanse para a solicitude da subvención do CIM convocada pala Resolución do 8 de outubro de 2015 da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, publicada no DOG do día 09/10/2015 co fin de realizar con carácter conxuntural actividades de información , de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, de orientación, de mellara da empregabilidade e formativas, entre outras e dentro do centro de información a muller (CIM) sen que non supoñan a creación de novas servizos municipais de acordo co artigo 297 da lei 5/1997.

PRAZO DE DURACIÓN

Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido , Mañón e Ortigueira asumen o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia ou o que proceda en aplicación da normativa comunitaria ao estar cofinanciadas estas axudas polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das abrigas que deriven da concesión da subvención.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

O Presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos vecinos e veciñas a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa .
- Valorizar os recursos disponible asumen o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención

OBRIGAS ECONÓMICAS

Non constan

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A MELLORA, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS ZONAS AXARDINADAS DO PORTO DE CEDEIRA

PARTES FIRMANTES

Portos de Galicia e Concello de Cedeira

OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Cedeira e o ente público Portos de Galicia no que atinxe á mellora, conservación e mantemento das zonas axardinadas existentes no dominio público portuario do porto de Cedeira.

PRAZO DE DURACIÓN

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura (4 de xullo de 2012), estendendo a súa vixencia por tempo indefinido, sen prexuízo de que Portos de Galicia poida desistir e abocar para si as instalacións en calquera momento, outorgando un prazo mínimo de trinta e seis meses para a liquidación e efectividade da mesma. Así mesmo, o Concello de Cedeira poderá desistir cun aviso previo mínimo de trinta e seis meses de antelación.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Cedeira obrígase ao seguinte:

- Calquera modificación das zonas solicitadas, así como a execución de obras non contempladas na actualidade, ou calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Partos de Galicia.
- As zonas axardinadas contempladas no presente convenio están delimitadas nun plano anexo.
- A asumir o custo da conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellara das zonas axardinadas contempladas e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.
- Ademais de manter en adecuadas condicións de limpeza e hixiene (incluíndo a reposición dos elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados), o Concello deberá asumir as seguintes tarefas
- O mantemento da rede de abastecemento de auga, así como o aboamento dos seus consumos.
- O mantemento da rede de saneamento de augas pluviais e residuais en todos os seus elementos (colectores, pozos de rexistro, rede de sumidoiros, etc.)
- O mantemento da rede de alumado público, así como dos báculos, farois, luminarias, balizas, tomas de terra, existentes na zona de actuación, etc.
- O aboamento dos consumos eléctricos das instalacións de alumado público obxecto

do convenio.

- O mantemento e reposición do mobiliario urbano: bancos, papeleiras, murróns, xardineiras, fontes, varandas, etc.
- As labores de coidado das plantacións de especies vexetais
- O mantemento dos distintos firmes e pavimentos, así como das sinais de circulación, tanto verticais coma horizontais (pasos de peóns, liñas viais, etc.);
- A recollida de refugallos sólidos urbanos na zona de actuación.
- Calquera obra de reparación, conservación e mellora que o Concello de Cedeira pretenda levar a cabo na obra, esixirá a conformidade previa do ente público Portos de Galicia.

O ente público Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

- Autorizaralle ao Concello para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.
- A intervención do Concello de Cedeira nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto do convenio

OBRIGAS ECONÓMICAS

Non constan

NOME DO CONVENIO

ACORDO PARA O SERVIZO URBANO DE RECOLLIDA DE ACEITE DE COCIÑA USADO NO CONCELLO DE CEDEIRA

PARTES FIRMANTES

O Concello de Cedeira e Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.

OBJECTO

Realizar a recollida urbana de aceite de cociña usado no concello de cedeira nos termos que se especifican no convenio

PRAZO DE DURACIÓN

A duración do presente acordó será de un ano a partir da data de sinatura e prorrogarase por prazos iguais agás que algunha das partes notifique o contrario a outra, con dous meses de adianto ao primeiro vencimento.

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A recollida de aceite de cociña usado efectuarase mediante contenedores urbanos de exterior deseñados para tal uso (Modelo 180) que a empresa instalará en distintos puntos do Concello (Nº de puntos de recollida: 7)

Os contenedores instalados para o servizo, son propiedade de Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.

Será responsabilidade de "Procesadora Gallega de Alimentos, S.L." o baleirado e mantemento dos contedores urbanos asi como o dos seus rotulos non publicitarios, así como emendar calquera dano ou verquido que se ocasione nos contenedores de recollida como consecuencia dos labores de baleirado e mantemento.

"Procesadora Gallega de Alimentos, S.L." entregará o concello documentos xustificativos de cada recollida e, periodicamente, emitirá certificados da súa labor para control e calculo estatístico.

Sera responsabilidade do concello velar polo bo uso dos contedores de recollida, asi como a promoción do servizo entre os seus veciños.

A empresa velara polo bo estado das vias e as instalacións municipais. a tal fin, deberá poñer en coñecemento inmediato do concello calquera incidencia que poida afecta-la seguridade e o correcto funcionamento das mesmas. non obstante, o concello enmendara os danos ocasionados por calquer causa distinta das labores realizadas pola empresa.

A empresa prestará o servizo de recollida de aceites de cociña usados de forma gratuita en

todos os locais de hostalería, colectividade e industria que así o requiran dentro do concello . a recollida efectuarase con envases adecuados para este fin, que se entregan vacuos e limpos e se substitúen por outro recipiente de características iguais no momento da recollida este servizo inclúe tamén a recollida no punto limpo do concello . A empresa emitirá históricos deste servizo para o seu control.

OBRIGAS ECONÓMICAS

As condicións económicas do presente acordo serán as seguintes :
Servizo de recollida anual - gratuito

De producirse algún ingreso como consecuencia da actividade , (explotación publicitaria , ou outros) os beneficios que se xeneren serán empregados na ampliación e mellor do servizo

NOME DO CONVENIO

CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA AS ACTUACIÓNS DA RED CULTURAL 2015

PARTES FIRMANTES

Deputación Provincial da Coruña e Concello de Cedeira

OBJECTO

A Deputación atribúe ao Concello a contratación das actuacións dos grupos, intérpretes e compañías que o Concello ten adxudicadas, tal como figura na cláusula primeira.

PRAZO DE DURACIÓN

As actuacións incluídas neste convenio realizaranse no ámbito territorial do concello ao longo de todo o ano 2015, polo que se outorga eficacia retroactiva ao dito convenio desde o 1 de xaneiro de 2015 .

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A sinatura deste convenio supón as seguintes obrigas para a Deputación:

- 1.- Aboar a publicidade que a Deputación poda realizar.
- 2.- Transferir ao Concello o importe da achega provincial ás actuacións, de acordo coas porcentaxes establecidas na cláusula primeira.

A sinatura deste convenio supón as seguintes obrigas para o Concello:

- 1.- Proporcionar locais axeitados para a realización das actuacións, de forma gratuíta.
- 2.- Organizar as actuacións velando polo seu correcto desenvolvemento, proporcionando o persoal de vixilancia que se precise.
- 3.- Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material nos lugares das actuacións; esta condición non será imprescindible no Programa de música e teatro para grupos non profesionais.
- 4.- Realizar a publicidade das actuacións .
- 5.- Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes así coma os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das actuacións .
- 6.- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes.

7.- Aboar os gastos correspondentes á Sociedade Xeral de Autores de España.

8.- Facer publicidade de que a actuación pertence a programación da Rede Cultural da Deputación. Está poderá, se o considera necesario, solicitar a xustificación de dita publicidade

OBRIGAS ECONÓMICAS

Corresponde ao Concello o pago da totalidade da actuación a cada un dos grupos, intérpretes e compañías que realicen as actuacións, nas condicións sinaladas na solicitude

En ningún caso a Deputación aboará a porcentaxe que lle corresponde aboar ao Concello polas actuacións que ten adxudicadas.

A Deputación aboará ao Concello a súa porcentaxe do importe de cada unha das actuacións, que poderán ser xustificadas de forma individualizada.

NOME DO CONVENIO

CONVENIO DE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2015

PARTES FIRMANTES

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Cedeira

OBXECTO

O obxecto do convenio de adhesión, de conformidade coa proposta de programación presentada pola entidade Auditorio Municipal de Cedeira é a realización do programa de actuacións para o semestre de referencia, que se deberá desenvolver no teatro ou auditorio Auditorio Municipal de Cedeira e que de seguido pasa a detallarse, coas condicións especificadas posteriormente (todo isto segundo o establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como na Resolución do 28 de febreiro, de 2011 e publicada no DOG núm. 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios)

PRAZO DE DURACIÓN

Segundo semestre de 2015

MODIFICACIÓNS

Non constan

OBRIGADOS Á REALIZACIÓN DAS PRESTACIÓNS

A contratación efectiva de cada grupo, compañía ou persoa, consonte a programación e coa contraprestación económica recollida no convenio, será competencia da AGADIC e da entidade Auditorio Municipal de Cedeira, de conformidade cos respectivos importes consignados nas columnas e as cantidades totais consignadas.

A entidade Auditorio Municipal de Cedeira comprométese ao aboamento das contías estipuladas para cada actuación, así como á achega da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo de cada actividade (luz, son, persoal de carga e descarga,...) conforme ao establecido no rider técnico presentado polas compañías xunto coa súa proposta de participación na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

OBRIGAS ECONÓMICAS

Os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de representacións/actuacións no que estea inscrito, así como os gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos corresponderanlle á entidade Auditorio Municipal de Cedeira

En ningún caso a AGADIC adquire, coa s'nat'ura deste documento, ningún tipo de relación laboral nin coa entidade Auditorio Municipal de Cedeira nin co persoal que se atope ao seu servizo, senda por conta desta o cumprimento de calquera obr'lga fiscal, así como das

disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo. Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

AGADIC: 527,90 €

ESPAZO: 648,10 €